



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Ana María Cacharrón Castelos, secretaria xeral do Concello de Bergondo (A Coruña)

CERTIFICO: Que, con data xoves 8 de agosto de 2024, a xunta de goberno local, en sesión Ordinaria, adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe literalmente:

«4. ASUNTOS URXENTES

...//...

4.1. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: SENDA PEONIL NO CASAL. PARROQUIA DE SANTA MARTA

EXP. 2023/C003/000020

A continuación dáselles conta aos/ás asistentes do expediente referente a este asunto, no que consta, entre outros, a proposta de Alcaldía, que transcrita literalmente di:

«Logo de ver o proxecto da obra da «Senda peonil no Casal. Parroquia de Santa Marta de Babío», que asina o enxeñeiro de camiños, canles e portos, Ángel Delgado Cid, colexiado núm. 4657, na versión asinada en xuño de 2024, cun orzamento de execución por contrata de 80.201,30 euros, ive incluído, aprobado por Resolución da alcaldía núm. 881/2024, do 6 de agosto, de incoación del expediente de contratación.

Logo de ver a necesidade de acometer a citada obra, segundo o disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que establece que “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, e dado que a pavimentado de viais públicos atópase entre os servizos obrigatorios que debe prestar o concello ao abeiro do artigos 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, o que se xustifica a necesidade deste contrato, consonte co establecido no artigo 116.4.e) da LCSP e segundo se indica no informe ao proxecto, apartado 11, sobre a xustificación da necesidade e idoneidade, asinado polo arquitecto municipal o 27.09.2023.

Constando no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta contratación informado favorablemente por secretaría. Visto o informe do arquitecto municipal do 27 de setembro de 2023. Vistos os informes de secretaría e de intervención emitidos en agosto de 2024.

Constando tódolos documentos preceptivos, e considerando que a competencia para contratar é da Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía-Presidencia, efectuada por Resolución nº 744/2023, do 21.06.2023 (BOP núm. 124 do 30.06.2023), toda vez que a competencia orixinaria corresponde a esta alcaldía, conforme ao preceptuado na Disposición adicional da LCSP, unha vez examinado o expediente, **propoño á Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Declarar o expediente de contratación ordinario e, consonte co artigo 117 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación da obra da «Senda peonil no Casal. Parroquia de Santa Marta de Babío», consonte ao proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Ángel Delgado Cid, colexiado núm. 4657, na versión asinada en xuño de 2024, cun orzamento de execución por contrata de 80.201,30 euros, ive incluído, expediente 2023/C003/000020.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Segundo. Declarar o procedemento aberto supersimplificado, ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP, dado que o seu valor estimado é de 66.282,07 €, con pluralidade de criterios de adxudicación, mediante fórmulas, de conformidade co artigo 131.2 da LCSP.

Terceiro. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para esta contratación mediante procedemento aberto supersimplificado, ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación, mediante fórmulas, e tramitación ordinaria, aprobar o Cadro de características do contrato, o modelo de oferta e declarar expresamente de aplicación a fórmula matemática de valoración de ofertas económicas da Deputación Provincial de A Coruña (publicada no BOP núm. 42, do 4 de marzo de 2021, páxinas 37-40)

Cuarto. Autorizar o gasto por importe de 80.201,30 euros, ive incluído, con cargo a aplicación orzamentaria 454/619.00 do Orzamento municipal do 2024.

Quinto. Dispoñer a apertura da fase de licitación, segundo o procedemento establecido nos propios pregos, procedendo á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.

A presente resolución publicarase no perfil do contratante do Concello de Bergondo, consonte co esixido no artigo 63.3 da LCSP.

En Bergondo, 8 de agosto de 2024

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”

Os/as asistentes, tras o exame do expediente, e despois da correspondente deliberación, aproban por unanimidade a proposta, que devén en acordo nos termos en que se acaba de transcribir.”

E para que conste, expido a presente certificación, coa salvidade do artigo 206 do R.d. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por orde e co visto e praxe da alcaldesa.

Bergondo, o venres 9 de agosto de 2024

A secretaria
Ana María Cacharrón Castelos

Vº. Prace. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez